



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2024/25 |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Patrimonio Arquitectónico galego [En Extinción] | | Código | 670G01041 | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Civís e AeronáuticasEconomía | | | | |
| Coordinación | Iglesias Maceiras, Álvaro José | Correo electrónico | alvaro.iglesias@udc.es | | |
| Profesorado | Iglesias Maceiras, Álvaro José | Correo electrónico | alvaro.iglesias@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>O obxectivo principal de esta materia é fomentar o interese polos estudos que permitan mellorar o estado de conservación e protexer o noso Patrimonio Histórico, Cultural e Etnográfico de Galicia, e en especial o construído e o arquitectónico. A conservación dos Bens Culturais, e en particular, do Patrimonio Arquitectónico, require actuacións integradas de equipas multidisciplinares, e esixe un coñecemento científico, profundo e especializado en diversos campos.</p> <p>Polo tanto,</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fomentar o interese polos estudos que permitan coñecer os tratamentos, técnicas de intervención, restauración e rehabilitación do noso Patrimonio Histórico Construído, en especial o arquitectónico. - Adquirir unha visión actualizada das interaccións do entorno medioambiental no que se atopan os monumentos de interese etnográfico e histórico-artístico. - Avaliar e debater sobre conceptos relacionados coa protección e conservación das obras inmuebles de interese etnográfico e histórico-artístico. - Desenvolver as capacidades de análise e síntese, traballo en grupo, crítica, autoevaluación e debate. | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | | |
|---|--|-----|----|----|
| | A3 | B2 | C1 | |
| Evolución histórica dos materiais, tecnoloxías, procedementos, métodos, sistemas e elementos construtivos e estudo dos rocesos construtivos propios da edificación en xeral e en particular aqueles específicos de Galicia. | A4 | B3 | C3 | |
| | A5 | B8 | C4 | |
| | | B12 | C5 | |
| | | B13 | C6 | |
| | | B30 | C7 | |
| | | | C8 | |
| | Desenvolverse para o exercicio culto y crítico capaz de analizar a realidade do Patrimonio Cultural, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | A3 | B2 | C1 |
| | | A4 | B3 | C3 |
| A5 | | B8 | C4 | |
| | | B12 | C5 | |
| | | B13 | C6 | |
| | | B30 | C7 | |
| | | | C8 | |



| | | | |
|--|----|-----|----|
| Sensibilidade de cara a temas relacionados coa protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, arquitectónico e etnográfico. | A3 | B2 | C1 |
| | A4 | B3 | C3 |
| | A5 | B8 | C4 |
| | | B12 | C5 |
| | | B13 | C6 |
| | | B30 | C7 |
| | | | C8 |
| | | | |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 01. ¿O ESPACIO GEOGRÁFICO E OS TERRITORIOS DE GALICIA? | - Medio humano e asentamentos de poboación. Arquitectura culta Vs arquitectura popular. Construcións tradicionais e vernáculas. |
| Tema 02. ¿A CASA-VIVENDA E AS SÚAS CONSTRUCCIONES ADXETIVAS? | - Tipos de construcións. Elementos arquitectónicos e constructivos singulares. Distribucións interiores e mobiliario. |
| Tema 03. ¿AS CONSTRUCIÓN DE ALMACENAMIENTO DE PRODUCTOS? | - Hórreos, Sequeiros Alpendres, Alboios, Pendellos, Palleiras, Adegas, Cabazos, Ouriceiras, Eiras, e Neveiros ou Pozos de neve. |
| Tema 04. ¿AS CONSTRUCIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUCTOS? | - Secadeiros de peixe, Eiras térreas ou empedradas, e Fornos de pan. |
| Tema 05. ¿AS CONSTRUCIÓN PARA A CRÍA E MANIPULACIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS? | - Cortes, Cortellos, Poleiros, Pombais, Pombeiros, Cortíns, Alvares, Alvarizas, Abellarizas, Apiarios, Colmeas, Trobos, Chozos e Curros. |
| TEMA 06. ¿APROVEITAMENTO DE RECURSOS NATURAIS E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS? | - Foxos de lobo, Armadas, Raposeiras, Pesqueiras, Etacadas, Cetáreas, Recintos de feira e Mercados. |
| TEMA 07. ¿AS CONSTRUCIÓN DESTINADAS A EQUIPAMENTO COMUNITARIO? | - De aproveitamento doméstico da auga (Pozos, Fontes e Lavadoiros), e de lecer (Palcos de música). |
| TEMA 08. ¿AS CONSTRUCIÓN PARA PRODUCCIÓN ARTESANAL E PREINDUSTRIAL? | - Muiños, Oleirias, Telleiras, Caleiras, Batans, Fábricas de curtidos, Adegas, Lagares, Mazos, Ferrerías, Secadeiros, Carpinterías de ribeira, Armacens de salga, Peiraos e Varadoiros. |
| TEMA 09. ¿AS CONSTRUCIÓN DE USO RELIXIOSO? | - Capelas, Cemiterios, Petos de ánimas, Cruceiros, Calvarios e Baldaquinos. |
| Tema 10. ¿AS CONSTRUCIÓN DO TERRITORIO? | - Camiños, Pontes, Pontigos, Pasales, Vados e Barcas de río. |
| Tema 11. ¿AS CONSTRUCIÓN AGROPECUARIAS E FORESTAIS? | - Valados, Socialcos, Regas. Tipos de fincas e medidas agrarias. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 40 | 40 | 80 |
| Traballos tutelados | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 15 | 15 | 30 |
| Proba obxectiva | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 20 | 20 | 40 |
| Atención personalizada | | 0 | 0 | 0 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---------------------|---|
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir os coñecementos necesarios e facilitar a aprendizaxe. A participación activa nestas sesións valorarase favorablemente para as cualificacións de todas as probas. |
| Traballos tutelados | <p>Os alumnos realizarán, ao longo do curso, exercicios propostos en clase, que deberán solucionar individualmente e presentar para a súa avaliación posterior. É obrigatorio realizar estes traballos segundo as normas de presentación e entrega que se facilitarán en clases e que estarán expostos na plataforma virtual moodle.</p> <p>Como norma de honestidade académica esixible, o profesorado desta materia, no que aprobas de avaliación refírese non admitirá conduta fraudulenta algunha nin tampouco a presentación de traballos fraudulentos, entendendo por tal cousa o seguinte:</p> <p>«Considerarase fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores das fontes».</p> <p>E, ademais, establécense as consecuencias de tentar realizar probas de avaliación de forma fraudulenta nesta materia:</p> <p>«A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor».</p> <p>É dicir, que no caso de que un estudante presente un traballo plagiado:</p> <p>«Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso», sempre sin perjuicio de las responsabilidades disciplinarias que se pudiesen derivar».</p> |
| Proba obxectiva | Realizarase a final de curso unha proba obxectiva de conxunto. O acceso a esta proba será exclusivamente para os alumnos que asistisen como mínimo ao 80% das clases presenciais (tanto expositivas como interactivas) e que aprobasen os exercicios propostos ao longo do curso. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Sesión maxistral | Trátase do tempo que cada profesor reserva para atender e resolver dúbidas ao alumnado en relación coa materia. |
| Traballos tutelados | Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través de correo electrónico ou do campus virtual). |
| Proba obxectiva | |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|------------------|--|---|---------------|
| Sesión maxistral | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | <p>Valorarase a intervención proactiva do alumno en clase, téndose en conta a exposición oral de traballos, a participación en debates, así como o interese mostrado en xeral.</p> <p>Constituirá ata un máximo do 10% da cualificación final da materia.</p> | 10 |



| | | | |
|---------------------|--|--|----|
| Traballos tutelados | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Os alumnos realizarán, ao longo do curso, exercicios propostos en clase, que deberán solucionar individualmente e presentar para a súa avaliación posterior. Ademais valorarase a presentación e formato dos traballos, así como os contidos técnicos e a correcta exposición dos mesmos. Constituirá ata un máximo do 30% da calificación final da materia. | 30 |
| Proba obxectiva | A3 A4 A5 B2 B3 B8 B12 B13 B30 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Da materia do programa realizarase unha proba obxectiva de conxunto á finalización do curso. Poderán acceder ás probas todos aqueles alumnos que asistisen polo menos ao 80 % das clases (Tanto expositivas como interactivas) así como aprobados todos os exercicios propostos ao longo do curso. O contido das probas será teórico e práctico e para a súa avaliación terase en conta a presentación, a orde, claridade na exposición das materias e a correcta exposición dos aspectos técnicos requiridos na proba. Constituirá ata un máximo do 60% da calificación final da materia. | 60 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel (2003). As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Ed. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, Santiago de Compostela - CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel (2000). Las Construcciones de la Arquitectura Popular. Patrimonio etnográfico de Galicia. Editorial Hércules, A Coruña - SERRA HAMILTON, Alberto (1997). Términos ilustrados de arquitectura, construcción y otras artes y oficios. Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Madrid, Madrid - ROMERO MASIÁ, Ana e ARIAS VILAS, Felipe (1995). Diccionario de termos de arquitectura e prehistoria. Ir Indo Edicións, Vigo - CASELLA, Gabriella (2003). Gramáticas de pedra. Levantamento de tipoloxías de construción muraria. Ed. Centro Regional de Artes Tradicionais, Porto (Portugal) - VIDAL ROMANÍ, Juan Ramón (1991). Paisaxes de Galicia. Ed. Xunta de Galicia-Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Santiago de Compostela - TORRES BÚA, Manuel (2007). A arquitectura en Galiza. Aproximación á realidade arquitectónica xeral da Galiza dende a Prehistoria ata os nosos días. Edicións Nigra Trea, Vigo |
| Bibliografía complementaria | - (). http://www.codigotecnico.org/web/ . |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materiais I [Extinguida]/670G01003
 Expresión Gráfica Arquitectónica I [Extinguida]/670G01008
 Construción I [Extinguida]/670G01009
 Construción II [Extinguida]/670G01011
 Materiais II [Extinguida]/670G01012
 Xeometría da Representación [Extinguida]/670G01018
 Patoloxía e Rehabilitación [En extinción]/670G01029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



NOTA IMPORTANTE:

Como norma de honestidad académica esixible, o profesorado desta materia, no que a probas de avaliación refírese non admitirá conduta fraudulenta algunha nin tampouco a presentación de traballos fraudulentos, entendendo por tal cousa o seguinte:

«Considerarase fraudulenta, entre outras, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores das fontes».

E, ademais, establécense as consecuencias de tentar realizar probas de avaliación de forma fraudulenta nesta materia:

«A realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida na avaliación dunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor».

É dicir, que no caso de que un estudante presente un traballo plagiado:

«Na realización de traballos, ou plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso», sempre sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias que se puidesen derivar».

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías